

p
blecido nela e, en particular, o título I e as disposicións adicionais primeira, segunda, terceira, oitava, décimo terceira, décimo cuarta, décimo sétima e décimo oitava da Lei 30/1994, do 24 de novembro, de fundacións e de incentivos fiscais á participación privada en actividades de interese xeral.

Disposición derradeira primeira. *Aplicación da lei.*

1. Os artigos 2; 3.1, 2 e 3; 4; 14; 31 e 34.1 constitúen as condicións básicas para o exercicio do dereito de fundación recoñecido no artigo 34, en relación co 53, da Constitución, e son de aplicación xeral ó abeiro do previsto no artigo 149.1.1.^a da Constitución.

2. a) Os artigos 6; 7 e 37.4 son de aplicación xeral ó abeiro do previsto no artigo 149.1.1.^a e 8.^a da Constitución.

b) Os artigos 5, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 17.1 e 2, 18.1, 2. e 4, 19.1, 22.1 e 2, excepto o último inciso 29.1, 2, 3 e 5, 30.1, 3 e 4, 32 e 42 constitúen lexislación civil e son de aplicación xeral ó abeiro do previsto no artigo 149.1.8.^a da Constitución, sen prexuízo da aplicabilidade preferente do dereito civil foral ou especial, alí onde exista.

3. Os artigos 17.3; 18.3; 21.3, segundo parágrafo; 22.2, último inciso; 35.2 e 43, constitúen lexislación procesual, e son de aplicación xeral ó abeiro do artigo 149.1.6.^a da Constitución.

4. Os restantes preceptos da lei serán de aplicación ás fundacións de competencia estatal.

Disposición derradeira segunda. *Modificación do punto 5 do artigo 6 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado por Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro.*

O punto 5 do artigo 6 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado por Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro, quedará redactado da seguinte forma:

«5. Son fundacións do sector público estatal aquelas fundacións nas que concurra algunha das seguintes circunstancias:

a) Que se constituán cunha achega maioritaria, directa ou indirecta, da Administración xeral do Estado, os seus organismos públicos ou demais entidades do sector público estatal.

b) Que o seu patrimonio fundacional, cun carácter de permanencia, estea formado en máis dun 50 por 100 por bens ou dereitos achegados ou cedidos polas referidas entidades.»

Disposición derradeira terceira. *Adaptación do Plan Xeral de Contabilidade e normas de elaboración do plan de actuación.*

No prazo dun ano contado desde a entrada en vigor desta lei, o Goberno actualizará as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e aprobará as normas de elaboración do plan de actuación das ditas entidades.

Disposición derradeira cuarta. *Desenvolvemento regulamentario.*

Autorízase o Goberno a dicta-las disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución desta lei.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2003.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 26 de decembro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

25184 *ORDE PRE/3290/2002, do 23 de decembro, pola que se inclúen as substancias activas denominadas isoproturon, etofumesato, iprovalicarb, prosulfuron, sulfosulfuron, cinidon-etilo, cihalofop-butilo, famoxadona, florasulam, metalaxil-M e picolinafen no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios. («BOE» 310, do 27-12-2002.)*

A Directiva 91/414/CEE, do Consello, do 15 de xullo, sobre comercialización de produtos fitosanitarios, inclúe un anexo, titulado «Substancias activas das que está autorizada a incorporación nos produtos fitosanitarios». A dita directiva incorpórase ó ordenamento xurídico español en virtude do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios. Por outra banda, na Orde do 14 de abril de 1999, establécese o anexo I do dito Real decreto 2163/1994, baixo a denominación «Lista comunitaria de substancias activas», que se define no número 16 do artigo 2 da dita norma como a lista das substancias activas de produtos fitosanitarios aceptadas pola Comisión Europea e a incorporación das cales se fará pública mediante disposicións nacionais, como consecuencia doutras comunitarias.

No anexo I da Directiva 91/414/CE, mediante a Directiva da Comisión 2002/18/CE, do 22 de febreiro, inclúese a substancia activa isoproturon; mediante a Directiva 2002/37/CE, do 3 de maio, inclúese a substancia activa etofumesato; mediante a Directiva 2002/48/CE, do 30 de maio, inclúense as substancias activas iprovalicarb, prosulfuron e sulfosulfuron, e mediante a Directiva 2002/64/CE, do 15 de xullo, inclúense as substancias activas cinidon-etilo, cihalofop-butilo, famoxadona, florasulam, metalaxim-M e picolinafen.

As disposicións citadas establecen as condicións para que a comercialización de produtos fitosanitarios que conteñan as referidas substancias activas non teñan efectos nocivos para a saúde humana ou a saúde animal nin para as augas subterráneas, nin teñan repercusións inaceptables para o ambiente.

Esta orde incorpora ó ordenamento xurídico interno as directivas 2002/18/CE, 2002/37/CE, 2002/48/CE e 2002/64/CE, mediante a inclusión das substancias activas isoproturon, etofumesato, iprovalicarb, prosulfuron, sulfosulfuron, cinidon-etilo, cihalofop-butilo, famoxadona, florasulam, metalaxil-M e picolinafen no anexo I do Real decreto 2163/1994, e dítase de acordo coa

facultade establecida na disposición derradeira primeira do dito real decreto.

A Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria emitiu informe preceptivo sobre esta disposición. Así mesmo, na súa tramitación foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Medio Ambiente e de Sanidade e Consumo, dispoño:

Artigo único. *Inclusión de substancias activas no anexo I do Real decreto 2163/1994.*

1. As substancias activas denominadas isotroturon, etofumesato, iprovalicarb, prosulfuron, sulfosulfuron, cinidon-etilo, cihalofop-butilo, famoxadona, florasulam, metalaxil-M e picolinafen inclúense no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios, coas características e condicións que para cada unha delas se especifican no anexo desta orde.

2. A inclusión das substancias activas isotroturon e etofumesato levará consigo a revisión das autorizacións dos produtos fitosanitarios que as conteñan, as cales deberán ser modificadas ou retiradas, cando así corresponda, co fin de aplicalo disposto no dito Real decreto 2163/1994.

3. A inclusión das substancias activas iprovalicarb, prosulfuron, sulfosulfuron, cinidon-etilo, cihalofop-butilo, famoxadona, florasulam, metalaxil-M e picolinafen levará consigo a revisión das autorizacións provisionais vixentes dos produtos fitosanitarios que as conteñan, concedidas de acordo co disposto no artigo 23 do Real decreto 2163/1994, e cando corresponda, serán substituídas por autorizacións plenas.

4. As revisións citadas nos números anteriores, así como o outorgamento de novas autorizacións, realizaranse de conformidade cos principios uniformes para a avaliación e autorización de produtos fitosanitarios, tendo en conta ademais as conclusións da versión final dos respectivos informes de revisión da Comisión Europea, aprobados no Comité Permanente da Cadea Alimentaria e Sanidade Animal nas datas que, para cada unha das referidas substancias activas, se indican no anexo desta orde, particularmente os seus apéndices I e II. O cumprimento dos requisitos de documentación correspondentes ós preparados, así como a aplicación dos principios uniformes para a avaliación e autorización destes, esixiranse nos prazos que se especifican no dito anexo.

5. No Rexistro Oficial de Produtos Fitosanitarios da Dirección Xeral de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación quedarán á disposición dos interesados os informes de revisión da Comisión Europea a que se refire o número anterior, así como o da Comisión de Avaliación previstos no artigo 3 do Real decreto 2163/1994. Todo iso con excepción da información confidencial definida no artigo 32 do dito real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 23 de decembro de 2002.

RAJOY BREY

Excmos Sres. ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Medio Ambiente e de Sanidade e Consumo.

ANEXO *

28. Condicións da inclusión da substancia activa isotroturon.

Características:

Nome común: isotroturon.

N.º CAS: 34123-59-6.

N.º CIPAC: 336.

Nome químico (IUPAC): 3-(4-isopropilfenil)-1,1-dimetilurea.

Pureza mínima da substancia: 970 g/kg de produto técnico.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como herbicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ó informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité Fitosanitario Permanente na súa reunión do 7 de decembro de 2001, deberase atender especialmente a:

a) A protección das augas subterráneas, cando a substancia activa se utilice en zonas con solo ou condicións climáticas vulnerables, ou a doses superiores ás descritas no informe de revisión, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

b) A protección dos organismos acuáticos e incluír, como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

Prazo da inclusión: do 1 de xaneiro de 2003 ó 31 de decembro de 2012.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes:

a) O 1 de xaneiro de 2007, para formulacións que conteñan isotroturon como única substancia activa.

b) No caso de mesturas con outras substancias activas, aínda non incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, o prazo considerado na letra a) ampliarase ós catro anos seguintes á data de inclusión da última das ditas substancias activas no dito anexo I.

Protección de datos: por se-lo isotroturon unha substancia activa xa existente, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

29. Condicións da inclusión da substancia activa etofumesato.

Características:

Nome común: etofumesato.

N.º CAS: 26225-79-6.

N.º CIPAC: 223.

Nome químico (IUPAC): (±)-2-etoxi-2,3-dihidro-3,3-dimetilbenzofuran-5-ilmetanosulfonato.

Pureza mínima da substancia: 960 g/kg de produto técnico.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como herbicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ó informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 26 de febreiro de 2002, deberase atender especialmente a:

a) A protección das augas subterráneas, cando a substancia activa se utilice en zonas de características

* A numeración dos epígrafes corresponde á codificación efectuada pola Directiva 2000/80/CE.

p
climáticas ou edáficas vulnerables, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

Prazo da inclusión: do 1 de marzo de 2003 ó 28 de febreiro de 2013.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes: o 28 de febreiro de 2007, para formulacións que conteñan etofumesato como única substancia activa, ou ben, como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994.

Protección de datos: por se-lo etofumesato unha substancia activa xa existente, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

30. Condicións da inclusión da substancia activa iprovalicarb.

Características:

Nome común: iprovalicarb.

N.º CAS: 140923-17-7.

N.º CIPAC: 620.

Nome químico (IUPAC): éster isopropílico do ácido {2-metil-1-[1-(4-metilfenil)etilcarbonil]propil]-carbámico.

Pureza mínima da substancia: 950 g/kg de produto técnico (especificación provisional).

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como funxicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ó informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 26 de febreiro de 2002, deberase atender especialmente a:

a) As especificacións do material técnico como se fabrique comercialmente deberán confirmarse mediante datos analíticos apropiados; o material de proba utilizado no expediente de toxicidade deberá compararse e verificarse en relación con estas especificacións do material técnico.

b) A protección dos aplicadores.

Prazo da inclusión: do 1 de xullo de 2002 ó 30 de xuño de 2012.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes:

a) O 31 de decembro de 2003, para formulacións que conteñan iprovalicarb como única substancia activa, ou ben, como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994.

Protección de datos: por se-lo iprovalicarb unha substancia activa nova, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

31. Condicións da inclusión da substancia activa prosulfuron.

Características:

Nome común: prosulfuron.

N.º CAS: 94125-34-5.

N.º CIPAC: 579.

Nome químico (IUPAC): 1-(4-metoxi-6-metil-1,3,5-triazin-2-il)-3-[(3,3,3-trifluoropropil)-fenilsulfonyl]-urea.

Pureza mínima da substancia: 950 g/kg de produto técnico.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como herbicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ó informe de revisión da Comisión Europea

aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 26 de febreiro de 2002, deberase atender especialmente a:

a) O risco para as plantas acuáticas, se a substancia activa se utiliza preto de augas superficiais, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

b) A protección de augas subterráneas, cando a substancia activa se utilice en zonas de características climáticas ou edáficas vulnerables, e incluír, como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

Prazo da inclusión: do 1 de xullo de 2002 ó 30 de xuño de 2012.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes:

a) O 31 de decembro de 2003, para formulacións que conteñan prosulfuron como única substancia activa, ou ben, como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994.

Protección de datos: por se-lo prosulfuron unha substancia activa nova, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

32. Condicións da inclusión da substancia activa sulfosulfuron.

Características:

Nome común: sulfosulfuron.

N.º CAS: 141776-32-1.

N.º CIPAC: 601.

Nome químico (IUPAC): 1-(4,6-dimetoxipirimidin-2-il)-3-[2-etanosulfonyl-imidazo[1,2-a]piridina]sulfonyl]urea.

Pureza mínima da substancia: 980 g/kg de produto técnico.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como herbicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ó informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 26 de febreiro de 2002, deberase atender especialmente a:

a) A protección das algas e plantas acuáticas, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

b) A protección de augas subterráneas, cando a substancia activa se utilice en zonas de características climáticas ou edáficas vulnerables.

Prazo da inclusión: do 1 de xullo de 2002 ó 30 de xuño de 2012.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de decembro de 2003, para formulacións que conteñan sulfosulfuron como única substancia activa, ou ben, como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994.

Protección de datos: por se-lo sulfosulfuron unha substancia activa nova, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

33. Condicións da inclusión da substancia activa cinidon-etilo.

Características:

Nome común: cinidón-etilo.

N.º CAS: 142891-20-1.

N.º CIPAC: 598.

Nome químico (IUPAC): (Z)-2-cloro-3-[2-cloro-5-(ciclohex-1-eno-1,2-dicarboximido)fenil]acrilato de etilo.

Pureza mínima da substancia: 940 g/kg de produto técnico.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como herbicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ó informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 19 de abril de 2002, deberase atender especialmente a:

a) A posibilidade de contaminación de augas subterráneas, cando a substancia activa se aplique en zonas de características climáticas ou edáficas vulnerables (por exemplo, solos con valores de pH neutros ou elevados), e incluír, como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

b) A protección dos organismos acuáticos, e incluír, como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

Prazo da inclusión: do 1 de outubro de 2002 ó 30 de setembro de 2012.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de marzo de 2004, para formulacións que conteñan cinidon-etilo como única substancia activa, ou ben, como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994.

Protección de datos: por se-lo cinidon-etilo unha substancia activa nova, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

34. Condicións da inclusión da substancia activa cihalofop-butilo.

Características:

Nome común: cihalofop-butilo.

N.º CAS: 122008-85-9.

N.º CIPAC: 596.

Nome químico (IUPAC): (R)-2-[4(4-ciano-2-fluorofenoxi)fenoxi]propionato de butilo.

Pureza mínima da substancia: 950 g/kg de produto técnico.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como herbicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ó informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 19 de abril de 2002, deberase atender especialmente a:

a) A posible incidencia das aplicacións aéreas en organismos alleos ó tratamento e, sobre todo, en especies acuáticas, e incluír, como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, restricións ou medidas de redución do risco.

b) A posible incidencia das aplicacións terrestres nos organismos acuáticos que se encontren nos arrozais, e incluír, como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

Prazo da inclusión: do 1 de outubro de 2002 ó 30 de setembro de 2012.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de marzo de 2004, para formulacións que conteñan cihalofop-butilo como única substancia activa, ou ben,

como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994.

Protección de datos: por se-lo cihalofop-butilo unha substancia activa nova, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

35. Condicións da inclusión da substancia activa famoxadona.

Características:

Nome común: famoxadona.

N.º CAS: 131807-57-3.

N.º CIPAC: 594.

Nome químico (IUPAC): 3-anilino-5-metil-5-(4-fenoxifenil)-1,3-oxazolidina-2,4-diona.

Pureza mínima da substancia: 960 g/kg de produto técnico.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como funxicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ó informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 19 de abril de 2002, deberase atender especialmente a:

a) Os posibles riscos crónicos que supoña a substancia orixinal ou os seus metabolitos para as lombrigas de terra.

b) A protección dos organismos acuáticos, e incluír, como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

c) A protección dos aplicadores.

Prazo da inclusión: do 1 de outubro de 2002 ó 30 de setembro de 2012.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de marzo de 2004, para formulacións que conteñan famoxadona como única substancia activa, ou ben, como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994.

Protección de datos: por se-la famoxadona unha substancia activa nova, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

36. Condicións da inclusión da substancia activa florasulam.

Características:

Nome común: florasulam.

N.º CAS: 145701-23-1.

N.º CIPAC: 616.

Nome químico (IUPAC): 2',6',8-trifluoro-5-metoxi-[1,2,4]-triazolo[1,5-c]pirimidina-2-sulfonanilida.

Pureza mínima da substancia: 970 g/kg de produto técnico.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como herbicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ó informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 19 de abril de 2002, deberase atender especialmente a:

a) A posibilidade de contaminación de augas subterráneas, cando a substancia activa se aplique en zonas de características climáticas ou edáficas vulnerables, e incluír, como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

p

Prazo da inclusión: do 1 de outubro de 2002 ó 30 de setembro de 2012.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de marzo de 2004, para formulacións que conteñan florasulam como única substancia activa, ou ben, como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994.

Protección de datos: por se-la florasulam unha substancia activa nova, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

37. Condicións da inclusión da substancia activa metalaxil-M.

Características:

Nome común: metalaxil-M.

N.º CAS: 70630-17-0.

N.º CIPAC: 580.

Nome químico (IUPAC): (R)-2-[[[(2,6-dimetilfenil)metoxiacetil]amino]propionato de metilo.

Pureza mínima da substancia: 910 g/kg de produto técnico.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como fungicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ó informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 19 de abril de 2002, deberase atender especialmente a:

a) A posibilidade de contaminación de augas subterráneas pola substancia activa ou os seus produtos de degradación CGA 62826 e CGA 108906, cando a substancia activa se aplique en zonas de características climáticas ou edáficas vulnerables, e incluír, como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

Prazo da inclusión: do 1 de outubro de 2002 ó 30 de setembro de 2012.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de marzo de 2004, para formulacións que conteñan

metalaxil-M como única substancia activa, ou ben, como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994.

Protección de datos: por se-lo metalaxil-M unha substancia activa nova, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

38. Condicións da inclusión da substancia activa picolinafen.

Características:

Nome común: picolinafen.

N.º CAS: 137641-05-5.

N.º CIPAC: 639.

Nome químico (IUPAC): 4'-fluoro-6-[(α,α,α -trifluoro-m-tolil)oxi]picolinanilida.

Pureza mínima da substancia: 970 g/kg de produto técnico.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como herbicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ó informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 19 de abril de 2002, deberase atender especialmente a:

a) A protección dos organismos acuáticos, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

Prazo da inclusión: do 1 de outubro de 2002 ó 30 de setembro de 2012.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de marzo de 2004, para formulacións que conteñan picolinafen como única substancia activa, ou ben, como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994.

Protección de datos: por se-lo picolinafen unha substancia activa nova, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.